



## ANTREPROXECTO DE LEI DE ARQUIVOS E DOCUMENTOS DE GALICIA

### EXPOSICIÓN PÚBLICA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia está a tramitar a ***Lei de arquivos e documentos de Galicia***, que se pretende que conte co máximo consenso posible e que recolla os puntos de vista de todos os sectores que integran a comunidade arquivística de Galicia.

O proxecto xorde da necesidade de desenvolver de forma íntegra o Sistema de Arquivos de Galicia, estrutura legal e administrativa que debe facilitar o cumprimento integral dos fins que os arquivos, públicos e privados, posúen: a procura de administracións e organizacións máis eficaces, racionais e transparentes; o acceso da cidadanía á información e aos documentos que a conteñen, e a protección do patrimonio documental como parte esencial da cultura de Galicia.

Galicia posúe competencia exclusiva en materia de arquivos de interese galego e patrimonio documental. Con todo, estes aspectos só se atopan desenvolvidos de forma parcial na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Constatada a necesidade que existe dunha lei de arquivos de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura promove este anteproxecto, que foi revisado por técnicos de diferentes arquivos de Galicia coordinados pola Subdirección Xeral de Arquivos.

A exposición pública do anteproxecto, a través das páxinas web da Consellería de Cultura e Educación, ten como obxecto dalo a coñecer e favorecer que, quen o desexe, remitan os comentarios e suxestións que estimen oportunos.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2013